

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 1 de decembro de 2008 pola que se convocan sete bolsas de formación e especialización en materia de vivenda.

Co obxectivo de facilitar a realización de prácticas complementarias aos estudos universitarios, así como o acceso ao mercado de traballo dos/as estudantes que rematasen recentemente os seus estudos, e tendo en conta a satisfacción para ambas as partes da convocatoria realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) no ano 2007, convócanse sete bolsas de formación e especialización orientadas ao estudo e formación relacionados coas funcións propias do IGVS, como son, entre outras materias relacionadas coa vivenda, a promoción e construción de vivenda pública, o estudo dos sistemas de financiamento público de vivendas, a tramitación do planeamento sectorial do solo, así como os procesos de contabilidade e tesouraría propios. As bolsas teñen como destinatarios/as os/as licenciados/as recentes en varias disciplinas, coa finalidade de afondar na súa tarefa de formación. En virtude do anterior, convócanse sete novas bolsas de colaboración de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca sete bolsas de formación e especialización en materia de vivenda para un/unha arquitecto/a, un/unha arquitecto/a técnico/a, dous/dúas economistas ou licenciados/as en ADE e tres licenciados/as en dereito, co obxecto de especializar profesionais en materia de vivenda. Estas bolsas serán concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

No caso de inexistencia de candidatos/as nalguna das especialidades de arquitectura, engadirase a praza vacante á outra, o mesmo ocorrerá entre os/as candidatos/as de economía/administración e dirección de empresas e dereito.

Segunda.-Duración e dotación.

As actividades iniciaranse desde a incorporación dos/as bolseiros/as e rematarán aos doce meses da incorporación. Poderá, de conformidade coa normativa legal aplicable, procederse á prórroga das bolsas por un novo período de seis meses, sempre que as disponibilidades orzamentarias así o permitan e logo do informe favorable do/a titor/a de que reciba a formación o/a bolseiro/a.

A dotación económica mensual de cada bolsa será de 1.000 € brutos coa retención fiscal que lle corresponda. Respecto ao pagamento, observarase o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o disposto ao respecto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. O importe citado será

pagado mensualmente na conta bancaria indicada polo/a interesado/a.

O custo total destas actividades de formación é de 84.000 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 17.90.451C.480.0 dos orzamentos xerais para 2009 e á correspondente no orzamento de 2010, coa seguinte distribución de anualidades:

2009: 77.000 €.

2010: 7.000 €.

O expediente iniciárase polo procedemento de tramitación anticipada de gasto segundo o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e queda condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Antes de proceder ao último pagamento, os/as beneficiarios/as deberán efectuar unha declaración xurada ou responsable conforme non desfrutaron doutra bolsa máis cá adxudicada en virtude desta convocatoria e, así mesmo, deberán presentar un informe sobre a actividade realizada e a formación recibida.

Terceira.-Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro/a será incompatible co disfrute doutras bolsas. Non xerará unha relación laboral ou administrativa coa Xunta de Galicia nin suporá a inclusión na Seguridade Social. A cobertura de accidentes no traballo será realizada mediante a concertación dun seguro de responsabilidade polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o que non se estableza expresamente nesta resolución, observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en canto non se opoña á citada lei.

Cuarta.-Requisitos dos/as candidatos/as.

Poderán optar á bolsa aquelas persoas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Ter aboado as taxas para a obtención do título de arquitecto/a, arquitecto/a técnico/a, ou de licenciado/a en administración e dirección de empresas, economía ou dereito nos anos 2006, 2007 ou 2008, con anterioridade á data de publicación no DOG desta convocatoria.

2. Acreditar un coñecemento da lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente. Só se lles concederá validez aos cursos ou titulacións homologados polos órganos competentes en materia de política lingüística.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes deberán entregarse no rexistro da Consellería de Vivenda e Solo ou en calquera dos

lugares que establece o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Coa presentación da solicitude préstase o consentimento para que a Consellería de Vivenda e Solo, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou compulsada:

a) O impreso de solicitude publicado como anexo a esta convocatoria.

b) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

c) Certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas, constando en todo caso a nota media simple.

d) Memoria descritiva, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, sobre un tema que sexa do seu interese relacionado coa promoción de vivenda ou solo polas empresas públicas.

e) *Curriculum vitae*.

f) Declaración xurada comprometéndose a renunciar a calquera outra bolsa de colaboración.

g) Documentación que acredite a formación e/ou coñecementos en lingua galega.

h) Acreditación da titulación universitaria exixida.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro de anuncios da sede da Consellería de Vivenda e Solo e na súa páxina web a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso de selección. Os/as solicitantes disporán dun prazo de 5 días hábiles desde a exposición na páxina web para rea-

lizar reclamacións. Unha vez resoltas estas, exporase novamente a lista definitiva de admitidos/as.

Sexta.-*Tribunal*.

Presidente: a xerente do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou quen a substitúa.

Vogais:

-Un/unha funcionario/a da Dirección Técnica de Solo do IGVS designado/a polo director xeral.

-Un funcionario/a da Dirección Técnica de Construcións do IGVS designado/a polo director xeral.

-Un funcionario/a do Servizo Técnico-Xurídico do IGVS designado/a polo director xeral.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Dirección Técnica de Contabilidade, Tesouraría, Orzamentos e Control Interno do Instituto Galego da Vivenda e Solo designado/a polo director xeral, que actuará con voz e voto.

Sétima.-*Criterios de valoración para a elección dos/as bolseiros/as*.

1. Expediente académico: ata un máximo de 10 puntos, en proporción á nota media. Utilizarase para a valoración desta epígrafe a nota media simple do expediente académico, conforme a Resolución do 15 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 57, do 23 de marzo).

2. *Curriculum vitae*: ata 11 puntos, dos cales se valorarán:

-Por acreditar unha segunda licenciatura ou diplomatura universitaria: 3 e 2 puntos respectivamente.

-Por acreditar estudos de posgrao: 2 puntos para os que teñan unha duración de máis de 50 créditos e 1 punto para os que teñan unha duración entre 20 e 49 créditos.

-Por cursos realizados nos últimos tres anos sobre ferramentas relacionadas con ofimática: 0,30 puntos por cada 20 horas recibidas, ata un total de 1,5 puntos neste punto.

-Por cursos realizados nos últimos tres anos e que estean relacionados directamente coas actividades que se van desenvolver: 0,30 puntos por cada 20 horas recibidas, ata un total de 1,5 puntos neste punto.

O tribunal non valorará aqueles méritos dos/as candidatos/as que non estean acreditados documentalmente.

Oitava.-*Procedemento de selección*.

Unha vez valorados polo tribunal os méritos das epígrafes I e II da base anterior, exporase no tabolei-

ro de anuncios da consellería e na súa páxina web unha lista provisional ordenada polas puntuacións outorgadas. Contra estas puntuacións poderán presentarse reclamacións no prazo de dez días hábiles desde a exposición na páxina web.

Resoltas as reclamacións, publicarase unha nova lista e o tribunal realizaralles unha entrevista persoal aos tres aspirantes con maior puntuación para cada unha das bolsas ofertadas. A entrevista versará sobre a capacidade de resposta a preguntas formuladas polo tribunal relacionadas cun tema de vivenda ou algunha das especialidades técnicas correspondentes ás titulacións requiridas, os seus méritos curriculares ou da memoria, e terá unha duración máxima de quince minutos, valorarase ata 3 puntos.

Finalmente, o tribunal fará pública a relación definitiva de candidatos/as por orde de puntuación. Se as persoas con maior puntuación non aceptasen as bolsas ou posteriormente renunciasen a elas, chamárase ás seguintes persoas da lista pola orde de puntuación dentro de cada titulación.

Novena.-Obrigas dos/as bolseiros/as.

Os/as aspirantes seleccionados/as incorporaranse, logo da aceptación da bolsa, no prazo dos tres días naturais seguintes ao da notificación do outorgamento.

Os/as bolseiros/as realizarán a súa actividade e recibirán a súa formación de acordo cun plan formativo elaborado por un/unha titor/a, nomeado/a pola Xerencia do IGVS que coordinará e dirixirá a súa actividade, en horario de mañá e/ou tarde, de luns a venres, nos servizos centrais do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Os/as bolseiros/as presentarán, antes do último mes do desfrute da bolsa, un informe sobre a actividade realizada e a formación recibida.

Así mesmo, deberán asistir ás actividades que o instituto considere convenientes para a súa formación. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagados polo instituto, logo de que a xerencia certifique os gastos producidos. Os gastos de desprazamento, aloxamento e mantenza non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, para os efectos da súa determinación.

No caso de que un/unha adxudicatario/a por calquera motivo non poida realizar a súa actividade, será substituído polo/a candidato/a seguinte por orde de puntuación. En caso de renuncia á bolsa, non se entenderá que existe incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, sempre e cando o órgano xestor certifique o correcto desempeño por parte do/a bolseiro/a das tarefas inherentes á bolsa, garantindo a continuidade delas coa substitución por outro/a bolseiro/a. Cando a data da renun-

cia non coincida co último día de cada mes, aboaráse a parte proporcional correspondente ao desfrute da bolsa.

Así mesmo, os/as beneficiarios/as estarán obrigados/as a facilitar tanta información sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións e do control de destino das axudas.

Décima.-Anulación da bolsa.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación destas bases.

No caso de incumprimento das obrigas da base anterior o instituto poderá, por proposta da xerencia e logo de escoitar á persoa afectada, anular a bolsa e, consecuentemente, procederá ao reintegro total ou parcial da axuda percibida.

Décimo primeira.-Incompatibilidades.

Non poderán solicitar estas bolsas os/as que xa desfrutasen algunha bolsa de colaboración con dotación económica no Instituto Galego da Vivenda e Solo ou na Consellería de Vivenda e Solo.

Décimo segunda.-Resolución e recursos.

A resolución administrativa relativa á concesión ou denegación da bolsa seralles notificada aos/ás interesados/as no prazo de tres meses, contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado este prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición por silencio administrativo.

Contra a resolución sobre concesión ou denegación da bolsa poderase interpor, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 3/1988, de creación do IGVS, recurso de alzada ante a conselleira de Vivenda e Solo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa, ou no prazo de tres meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto, se non for expresa. Contra a resolución do recurso de alzada poderase interpor recurso contencioso-administrativo de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se o acto for expreso, e, se non o for, o prazo para interpoñelo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2008.

Daniel Pino Vicente

Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

ANEXO

PROCEDEMENTO BOLSAS DE FORMACIÓN E ESPECIALIZACIÓN EN MATERIA DE VIVENDA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI440A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDO 1 []	APELIDO 2 []	NOME []	DNI/NIF []
ENDEREZO []	CÓDIGO POSTAL []	PROVINCIA []	
CONCELLO []	LOCALIDADE []	TELÉFONO []	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

☐ FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.
☐ CERTIFICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DA CARREIRA.
☐ MEMORIA DESCRIPTIVA.
☐ CURRICULUM VITAE.
☐ DOCUMENTO QUE ACREDITE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.
☐ DECLARACIÓN XURADA DE COMPROMETERSE A RENUNCIAR A CALQUERA OUTRA BOLSA DE COLABORACIÓN.
☐ ACREDITACIÓN DA TITULACIÓN UNIVERSITARIA EXIXIDA.

MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, ETC.) []
LUGAR ONDE DEXEXA RECIBIR A NOTIFICACIÓN []

O/A que abaixo asina **DECLARA QUE** lle presta expresamente o seu consentimento ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 1 de decembro de 2008 pola que se convocan sete bolsas de formación e especialización en materia de vivenda.</i> SINATURA DO/DA SOLICITANTE Lugar e data , de 200	(Para cubrir pola Administración) <table><tr><td>RECIBIDO</td><td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td></tr><tr><td>[]</td><td>[]</td></tr><tr><td>REVISADO E CONFORME</td><td>DATA DE ENTRADA</td></tr><tr><td>[]</td><td>[]</td></tr><tr><td></td><td>DATA DE EFECTOS</td></tr><tr><td></td><td>[]</td></tr><tr><td></td><td>DATA DE SAÍDA</td></tr><tr><td></td><td>[]</td></tr></table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	[]	[]	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA	[]	[]		DATA DE EFECTOS		[]		DATA DE SAÍDA		[]
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
[]	[]																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
[]	[]																
	DATA DE EFECTOS																
	[]																
	DATA DE SAÍDA																
	[]																

Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo
Área Central, s/n. Polígono das Fontiñas. 15781 Santiago de Compostela